

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL



Expediente subtel: 2022000043580

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A REALIZACIÓN DE CATRO XORNADAS FORMATIVAS SOBRE AS MEDIDAS PARA PREVIR O FRAUDE E A CORRUPCIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL: O PLAN PREMADECOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o informe proposta do interventor adxunto, na súa condición de xestor do PLAN PREMADECOR, no que se expoñen os seguintes,

I. ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022, aprobou o **PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**, coñecido agora co acrónimo PLAN PREMADECOR.

A través de dito Plan, a Deputación pretende dotarse de todas as medidas preventivas e correctivas para una correcta utilización dos fondos europeos que poidan obterse a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado polo Goberno da Nación e aplicar efectivamente toda a normativa concordante; en concreto as previstas no artigo 6 da **Orde HFP/1030/2021**, do 29 de setembro.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



INTERVENCIÓN XERAL

Asemade, tamén se pretende prestar asistencia aos concellos, posibilitando que presten adhesión a este Plan e, para os de menor dimensión –con poboación de ata 10.000 habitantes- mesmo se regulou que poidan delegar a xestión e aplicación efectiva de todas as medidas previstas, dende a análise previa de riscos ata as actuacións para o reintegro de fondos e a imposición de posibles sancións.

Tal como anunciaba xa a parte introdutoria do texto aprobado, resulta de especial transcendencia a formación nos valores e principios que se recollen no Plan, de xeito que se fai necesario formar nesta materia de loita contra o fraude e a corrupción ao conxunto de axentes que participan na planificación, asignación, xestión, xustificación e control dos fondos públicos.

E logo, xa na parte dispositiva do Plan, no apartado 1.5 establécese o compromiso de levar a cabo un plan de formación, co fin primordial de que se imponha unha cultura ética no manexo e aplicación dos fondos públicos, fomentando valores como a integridade, a obxectividade, a rendición de contas e a honradez

Finalmente, para rematar este apartado introdutorio, débese lembrar o Protocolo de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos de corrupción na administración local de Galicia, documento asinado o 12 de maio de 2019.

Pois ben, esta a acción formativa que se propón deseguido está plenamente afincada á finalidade que se propón naquel protocolo, polo que nesta acción vai a participar como primeiro relator o Conselleiro responsábel da Área de fiscalización de corporacións locais, para expor precisamente os principios de colaboración coas entidades locais no control dos fondos “*Next Generation*” procedentes da UE.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL



A vista do informe proposta do interventor adxunto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a realización dunha acción formativa titulada “**Medidas para previr o fraude e a corrupción na Administración Local. O Plan PREMADECOR da Deputación Provincial da Coruña**”.

SEGUNDO. En dita acción formativa poderán asistir e participar, previa inscrición, os seguintes colectivos de persoas:

- Persoas que exerzan algún cargo representativo nas entidades locais da Provincia.
- Persoal funcionario e laboral
- Público interesado en xeral.

TERCEIRO.- Dado que no PLAN PREMADECOR está previsto que poidan adherirse ao mesmo todos os concellos e demais entidades locais da Provincia, con especial atención aos concellos de ata 10.000 habitantes, ao terse regulado a posible delegación das funcións de control, prevención, detección, corrección e persecución nesta Deputación, os lugares elixidas para a exposición presencial destas xornadas están radicados en concellos de menos de 10.000 habitantes, que se consideran os máis axeitados para achegarse aos posibles asistentes do Norte, do Centro-este, do Oeste e do Sur do territorio provincial. Atendendo a esta



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL



distribución xeográfica, os lugares e datas propostas para a exposición presencial son os seguintes:

1ª.- 06/10/2022: ORTIGUEIRA, Teatro da Beneficencia. Para os concellos do Partido xudicial de Ferrol, zona Norte da Provincia.

2ª.- 26/10/2022: CURTIS, Casa da Cultura de Teixeira. Para os concellos dos Partidos xudiciais de A Coruña e Betanzos, centro-Este do territorio provincial.

3ª.- 22/11/2022: ZAS, Auditorio de Baio. Para os concellos dos Partidos xudiciais de Carballo e Corcubión, centro-Oeste.

4ª .- 29/11/2022: LOUSAME, Casa da Cultura. Para os concellos dos Partidos xudiciais de Santiago e Noia, zona Sur da Provincia.

CUARTO.- Para unha completa exposición da materia a abordar, considérase necesario aproveitar unha xornada completa, con dúas sesións expositivas pola mañá e, igualmente, dúas sesións vespertinas.

No tocante aos relatores, con fundamento no Protocolo de colaboración asinado co Consello de Contas e as relacións institucionais que se están a manter, vaise a contar en primeiro lugar con Don Simón Rego Vilar, para que poida expor as actuacións do órgano fiscalizador en materia de prevención da corrupción e a colaboración que se mantén neste eido coas entidades locais de Galicia, con especial referencia aos fondos “*Next Generation EU*”.

Posteriormente, considérase relevante que se expliquen as especialidades dos procedementos e as cláusulas adicionais a incorporar aos pregos de cláusulas administrativas particulares para contratar actuacións financiadas con cargo aos fondos NGEU. Para esa exposición, a persoa idónea é Don Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de Patrimonio e contratación e tamén experto en impartir formación nesta materia.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL




Xa pola tarde, en primeiro lugar vaise e expor a xestión e funcionamento do Canle de bo goberno e denuncias, instrumento para que calquera persoa poida colaborar na aplicación de medidas correctivas e persecutorias de presuntas actuacións fraudulentas. Asemade, explicárase o novo Proxecto de Lei reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, pola que se traspón a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019 (o documento, antes anteprojecto, vén de ser aprobado como Proxecto de Lei polo Consello de ministros, na sesión do día 13 de setembro de 2022). Este relatorio vai a ser impartido por Don Miguel Iglesias Martínez, Oficial maior da Deputación e secretario do CADECOR, órgano especificamente creado pola Deputación para velar pola aplicación e cumprimento de todas as medidas implantadas no Plan PREMADECOR.

Para finalizar a sesión, realizarase xa unha exposición polo miúdo das medidas anti-fraude contidas no Plan e os procedementos administrativos que se seguirán para realizar a análise previa de riscos, instrumentos para a detección inicial de situacións de conflito de intereses (declaracións DACI), control de riscos a partir dos sistema de bandeiras vermellas e os procedementos correctivos, sancionadores e mesmo de persecución de actuacións fraudulentas. A exposición desta última parte vai a ser realizada polo funcionario que presenta esta proposta, na súa condición de Interventor responsábel do control financeiro na Deputación e tamén por ter sido o redactor do PLAN PREMADECOR.

En resumo, cada xornada terá a seguinte orde do día:

9.30 Inauguración e introdución: Titular da Presidencia da Deputación ou persoa deputada na que poida delegar, conselleiro da Área de corporacións locais, titular da Alcaldía do concello respectivo e persoas deputadas que tiñan sido elixidas polo partido ou partidos xudiciais correspondentes.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



INTERVENCIÓN XERAL

10.00- 11.30: "*Fomento de marcos de integridade pública na xestión NGEU e o papel de colaboración del Consello de Contas coas entidades locais de Galicia*".

Sr, Don Simón Rego Vilar, Conselleiro do Consello de Contas de Galicia, Área de Corporacións locais.

11.30-12.00: Pausa-café.

12.00- 13.30: "*Os procedementos de contratación para a xestión dos fondos NGEU: especialidades e cláusulas a introducir no prego de cláusulas administrativas particulares*". **Sr. DON LUIS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ,** Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña.

13.30 – 14.00: Coloquio

14.00- 16.00 PAUSA-COMIDA.

16.00-17.30. Relatorio titulado "*O canle de bo goberno e denuncias. Comentarios ao anteproxecto de Lei de protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de protección contra a corrupción*".

SR. DON MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, Oficial Maior da Deputación da Coruña.

17.30- 19.00: Relatorio titulado "*O Plan PREMADECOR da Deputación da Coruña: medidas preventivas, de detección, correctivas e de persecución. A instrución dos procedementos de reintegro e sancionadores*"

SR. DON JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS, Interventor adxunto da Deputación da Coruña.

19.00- 19.30: Coloquio e entrega de diplomas de certificados de asistencia.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL



QUINTO.- Co fin de garantir o debido control de asistencia e participación, as persoas interesadas en asistir a calquera das edicións destas xornadas, deberán instar a inscrición con dez días de antelación a data prevista, mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo control.financeiro@dacoruna.gal . No correo deberán indicar os datos necesarios para poder expedir posteriormente o certificado de asistencia: nome, apelidos e DNI), o cargo ou posto de traballo que ocupan e o concello de procedencia.

O certificado de asistencia será expedido ao remate de cada xornada a prol das persoas que teñan asistido a todos os relatorios.

SEXTO.- De acordo coa Resolución da Presidencia 7.761/2006, os relatores que imparten a formación teñen dereito a percibir honorarios segundo a retribución estándar establecida de 100 euros/hora. Xa que logo, tendo a xornada unha impartición efectiva de 6 horas, propónse a aprobación e disposición do gasto de 600,00 euros, que se poden imputar a aplicación orzamentaria 0230/93123/22606 (Reunións e conferencias de Asistencia económica a municipios), realizándose os asentos e expedíndose os documentos contábeis cos seguintes datos:

RELATOR	NIF	IMPORTE €
REGO VILAR, Simón	***9705**	150,00
RODRIGUEZ FERNÁNDEZ, Luis Jaime	***9956**	150,00
IGLESIAS MARTÍNEZ, Miguel	***9706**	150,00
SUÁREZ RAMOS, Juan Bautista	***7759**	150,00

Esta resolución deberá ser publicada no BOP, para xeral coñecemento da información citada na mesma, tamén deberá ser inserida na páxina web da Deputación e remitida a todos os concellos e demais entidades da provincia.